


# Plataformas de Xestión de Reservas

Ferramentas dixitais para a distribución, automatización e comercialización de servizos turísticos

MÓDULO DE FORMACIÓN TURÍSTICA



# FORMADOR



## Ángel Barbero

Ángel Barbero é experto en transformación dixital e estratexia empresarial, con máis de 28 anos impulsando a innovación e o desenvolvemento de negocios en España e internacionalmente.

Como Senior Manager en Indra Group e profesor asociado en ESCP Business School, destaca por integrar metodoloxías disruptivas e liderar proxectos en diferentes sectores, entre os que destaca o de Turismo.

Forbes recoñeceuno coma un dos 40 principais futuristas en España, enfocando a súa carreira en impulsar empresas sostibles e de alto impacto.



Escanea o código para acceder á lista de asistencia

# Preguntas de Diagnóstico

Antes de comezar, reflexiona sobre a situación actual do teu negocio turístico:

## Xestión de reservas

Como xestionades actualmente as reservas? (teléfono, correo, WhatsApp, plataformas *online*...)

## Canles de venda

En que canles vendedes os vosos servizos? (web propia, Booking, Airbnb, redes sociais...)

## Reserva directa

Na web tedes a posibilidade de reservar directamente os vosos servizos ou actividades?

## Control de dispoñibilidade

Empregades algunha ferramenta dixital para controlar a dispoñibilidade de cuartos, prazas ou actividades?

## Canle principal

Que canle de venda vos xera actualmente máis reservas ou clientes?

## Dificultades e obxectivos

Cal é a vosa principal dificultade ao xestionar reservas? Que ferramentas vos gustaría aprender?

# Índice do Módulo

01

---

## Introdución

Transformación dixital e distribución *online* en turismo

03

---

## Riscos sen ferramentas

Overbooking, disparidade de prezos e xestión manual

05

---

## A IA ao servizo da PEME turística

Datos, indicadores e toma de decisións

07

---

## Taller práctico

Elección de plataforma e plan de implantación

02

---

## Canles de venda

Web propia, OTAs, metabuscadores e GDS

04

---

## Ecosistema tecnolóxico

PMS, motor de reservas, *channel manager* e RMS

06

---


## *Revenue e reporting*

Datos, indicadores e toma de decisións

# Introducción

Nos últimos anos, a forma en que os viaxeiros buscan, comparan e reservan servizos turísticos cambiou de forma significativa. A maior parte das decisións de viaxe tómanse a través de internet, plataformas dixitais e dispositivos móbiles.

As plataformas de xestión de reservas e as ferramentas dixitais de distribución converteranse en elementos clave para mellorar a visibilidade, optimizar a xestión do negocio e facilitar a comercialización de produtos turísticos.



# Obxectivos do Módulo



## Xestión de reservas

Comprender como funcionan as principais ferramentas de reservas



## Distribución *online*

Coñecer as canles de distribución turística dixital



## Automatización

Aprender a automatizar procesos operativos do negocio



## Análise de datos

Utilizar datos para mellorar a toma de decisións estratégicas



CAPÍTULO 1

# Introducción á Distribución *Online*

# Que é a Transformación Dixital en Turismo?

A transformación dixital en turismo é o proceso mediante o cal as empresas turísticas incorporan ferramentas tecnolóxicas para mellorar a xestión, aumentar as vendas e adaptarse aos novos hábitos dos viaxeiros. Non implica unicamente ter presenza en internet, senón integrar tecnoloxía en diferentes áreas do negocio.

**Promoción e márketing**

**Comercialización e reservas**

**Xestión operativa**

**Atención ao cliente**

**Análise de datos**

# O Viaxeiro Dixital de Hoxe

O comportamento do turista cambiou significativamente. Hoxe o viaxeiro planifica de forma autónoma, usando buscadores, comparadores e plataformas de reservas.

- Busca inspiración en **redes sociais e blogs** de viaxes
- Compara prezos en **diferentes plataformas *online***
- Consulta **opinións doutros viaxeiros** antes de decidir
- Reserva directamente dende o móbil **ou ordenador**
- Espera **confirmacións automáticas** e información inmediata

# Tendencias do Turismo Dixital

**+70 %**

**Reservas *online***

Máis do 70 % das reservas turísticas realízanse a través de internet

**#1**

**O *smartphone***

Converteuse no principal dispositivo de reserva turística

**100 %**

**Reputación *online***

As opinións dixitais inflúen directamente na decisión de compra

# Desafíos das PEMEs Turísticas

## Retos máis frecuentes

- Falta de coñecementos tecnolóxicos ou formación dixital
- Limitacións presupostarias para investir en tecnoloxía
- Descoñecemento sobre que ferramentas utilizar
- Dependencia de procesos manuais de xestión
- Dificultade para xestionar múltiples canles de venda

## Contexto Río Miño

En destinos rurais e naturais como o territorio do Río Miño, estas dificultades son aínda máis evidentes. Moitas empresas traballaron tradicionalmente con reservas directas por teléfono ou correo electrónico, o que limita a súa capacidade de crecemento e visibilidade no mercado dixital.

# Beneficios da Dixitalización



## Venda 24/7

Posibilidade de vender durante as 24 horas do día sen necesidade de atención directa



## Menos tarefas repetitivas

Redución de tarefas administrativas repetitivas e mellora da organización interna



## Mercados globais

Acceso a mercados nacionais e internacionais que antes eran inaccesibles



## Decisións estratéxicas

Capacidade de analizar datos e tomar decisións estratéxicas baseadas en información real

# Caso Práctico: Empresa de Turismo Activo en Caminha

## ✗ Antes de dixitalizarse

- Reservas xestionadas por teléfono
- Calendario manual en axenda
- Dificultade para organizar grupos grandes
- Perda de reservas fóra do horario de atención

## ✓ Despois de dixitalizarse

- Web con motor de reservas
- Xestión automática de dispoñibilidade
- Pagos *online*
- Confirmacións automáticas por correo electrónico

## Resultados

Aumento de reservas, redución do traballo administrativo e mellora na experiencia do cliente.

# O reto da Intelixencia Artificial

O 89 % dos consumidores quere **usar IA na planificación futura das súas viaxes**. Os asistentes de IA xa son considerados por algúns consumidores unha fonte **máis fiable que bloggers de viaxe ou influencers**: 24 % fronte a 19 % e 14 %, respectivamente.

“The Global AI Sentiment Report”  
(Booking.com, Julio 2025)

# A IA entra na distribución turística

## Antes

Reserva directa tradicional · Teléfono · e-mail · oficina · recomendación persoal

## Hoxe

Distribución *online* · Web · OTAs · metabuscadores · redes sociais · Google Maps

## O que vén

Distribución asistida por IA · asistentes de viaxe · recomendacións automáticas · axentes persoais


CAPÍTULO 1.2

# Canais de Venda: Web, OTAs, Metabuscadores e GDS



# Que é a Distribución Turística Dixital?

A distribución turística refírese ao conxunto de canles a través das cales unha empresa pon á venda os seus produtos ou servizos turísticos. No ámbito dixital actual, as empresas poden utilizar múltiples canles simultaneamente para chegar a diferentes tipos de clientes e mercados.



A estratexia de distribución consiste en decidir en que plataformas vender e como xestionar esas canles de forma eficiente.

# A Web Propia: Canle de Venda Directa


A páxina web do negocio é a canle máis importante para a venda directa. Permite mostrar servizos, transmitir identidade e recibir reservas sen intermediarios.

## ✓ Vantaxes

- Maior marxe ao non pagar comisións
- Control total sobre os prezos
- Fidelización do cliente
- Acceso directo a datos do cliente

## ⚠ Requisitos

- Motor de reservas integrado
- Posicionamento en buscadores (SEO)
- Inversión en márketing dixital



# OTAs: Axencias de Viaxe *Online*



As OTAs son plataformas dixitais que actúan como intermediarios entre as empresas turísticas e os viaxeiros. Exemplos: **Booking, Expedia, Airbnb, GetYourGuide, Civitatis.**

## Vantaxes

- Gran visibilidade internacional
- Acceso a millóns de usuarios
- Confianza para o cliente
- Promoción incluída na plataforma

## Desvantaxes

- Comisións que poden superar o 15%
- Menor control sobre a relación co cliente
- Competencia directa con outros establecementos

  Un pequeno hotel en Vila Nova de Cerveira pode usar Booking para atraer turistas internacionais que non coñecen o destino.

# Metabuscadores e GDS

## Metabuscadores

Plataformas que comparan prezos de diferentes sitios web. Exemplos: **Google Travel, Trivago, Kayak.**

- O usuario busca e o metabuscador compara prezos
- Redirixe o usuario ao sitio de reserva
- Gran visibilidade, pero alta competencia en prezos

## GDS (Global Distribution Systems)

Sistemas usados por axencias de viaxes e operadores. Exemplos: **Amadeus, Sabre, Galileo.**

- Acceso a hoteis, voos, coches e paquetes
- Máis habitual en hoteis grandes ou cadeas
- Aloxamentos independentes poden conectarse mediante intermediarios tecnolóxicos

# Estratexia Multicanle no Río Miño

Un aloxamento rural no territorio do Río Miño pode combinar múltiples canles para maximizar a súa visibilidade e diversificar as súas fontes de reservas:



## Web propia

Venda directa sen comisións



## Booking

Mercado internacional



## Airbnb

Viaxeiros novos



## GDS

Axencias conectadas



CAPÍTULO 1.3

# Riscos Típicos sen Ferramentas de Xestión



# O Problema do *Overbooking*

O *overbooking* prodúcese cando se venden máis prazas ou cuartos dos dispoñibles. É un dos erros máis frecuentes ao xestionar múltiples canles sen ferramentas tecnolóxicas.

## Exemplo: Casa rural con 4 cuartos

- 2 reservas en Booking
- 1 reserva por teléfono
- 1 reserva en Airbnb

Se non se actualiza a dispoñibilidade en todas as plataformas → **doble reserva.**

## Consecuencias

- Cliente sen aloxamento
- Perda de reputación online
- Compensacións económicas obrigatorias

# Outros Riscos da Xestión Manual

## Disparidade de prezos

Se os prezos non se actualizan en todas as canles poden aparecer diferenzas. Exemplo: web do hotel → 90 € / Booking → 85 €.  
Consecuencia: o cliente perde confianza e as plataformas poden penalizar.

## Xestión manual complexa

Moitas PEME s xestionan reservas con follas de Excel, axendas e correos. Isto xera perda de información, erros humanos e dificultade para organizar reservas.

## Falta de datos para decidir

Sen ferramentas tecnolóxicas é difícil analizar que canle xera máis reservas, que tempada é máis rendible ou que tipo de cliente visita o destino.



## CAPÍTULO 2

# Ecosistema Tecnológico: PMS, Motor de Reservas, *Channel Manager* e RMS

# Que é un PMS?

Un **PMS (Property Management System)** é un *software* deseñado para xestionar as operacións diarias dun aloxamento turístico. Permite centralizar toda a información do negocio nun único sistema dixital e considérase o **centro do ecosistema tecnolóxico** porque conecta diferentes ferramentas e canles de venda.

## Reservas

Xestión e control de dispoñibilidade

## Cientes

Rexistro, *check-in* e *check-out*

## Facturación

Pagos e informes de ocupación

## *Housekeeping*

Xestión de limpeza e mantemento

# Beneficios do PMS para Pequenas Empresas

## Vantaxes principais

- Centraliza toda a información nun único lugar
- Reduce erros na xestión de reservas
- Facilita a organización diaria do establecemento
- Permite consultar a ocupación en tempo real
- Mellora a eficiencia operativa do negocio

## Exemplo: Hotel en Salvaterra do Miño

Con un PMS o hotel pode visualizar todas as reservas do día, saber que cuartos están ocupados, rexistrar datos de hóspedes, emitir facturas automaticamente e xerar informes de ocupación mensual.

Isto evita depender de axendas ou follas de cálculo.



Non todos os PMS son iguais: a mellor elección depende do tipo de aloxamento, o tamaño do negocio e o nivel de dixitalización



# Sistemas PMS para PEME turísticas

Comparativa indicativa para hoteis independentes, casas rurais, hoteis, B&B e apartamentos turísticos en España

	Cloudbeds	Mews	Amenitiz	RoomRaccoon	WuBook
<b>Ideal para</b>	Hoteis pequenos, hostais e aloxamentos independentes que queren unha plataforma ampla de xestión.	Hoteis urbanos pequenos e medianos, <i>boutique hotels</i> e aloxamentos con foco en automatización	Casas rurais, B&B, pequenos hoteis e negocios independentes que buscan simplicidade.	Hoteis <i>boutique</i> , apartamentos turísticos e aloxamentos pequenos con certa ambición de crecemento.	Hoteis pequenos, hostais, casas rurais e aloxamentos con presuposto axustado.
<b>Puntos fortes</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Solución todo en un</li> <li>Bo PMS + <i>channel manager</i> + motor de reservas</li> <li>Amplas integracións</li> <li>Ben orientado á operación hoteleira</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Moi orientado á automatización</li> <li>Boa experiencia de usuario</li> <li><i>Check-in</i>, pagos e operación moderna.</li> <li>Forte enfoque <i>cloud</i>.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Enfoque moi accesible.</li> <li>Website + motor + PMS + <i>channel manager</i>.</li> <li>Boa usabilidade.</li> <li>Pensado para independentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PMS con automatización e <i>revenue</i>.</li> <li>Bo equilibrio entre funcionalidade e facilidade.</li> <li>Motor de reservas e ferramentas comerciais.</li> <li>Pensado para pequenos hoteis e grupos pequenos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Solución flexible e funcional.</li> <li>Bo control operativo básico.</li> <li>Enfoque práctico.</li> <li>Boa relación funcionalidade/custo.</li> </ul>
<b>Posibles límites</b>	Pode resultar máis completo que sinxelo para negocios moi pequenos	Pode encaixar menos en negocios moi tradicionais ou moi pequenos.	Menor profundidade que solución máis avanzadas para operacións complexas.	Menos coñecidos por parte dalgunhas PEME e pode requirir adaptación inicial.	Interface e experiencia algo menos modernas ca outras alternativas.
<b>Complexidade de implantación</b>	Media-Alta	Media-Alta	Baixa-Media	Media	Media
<b>Recomendación</b>	★ Moi boa opción se buscas unha <i>suite</i> robusta para profesionalizar a xestión	★ Recomendable se priorizas automatización e unha operativa moderna.	★ Moi adecuada para pequenos negocios que queren centralizar sen complicarse demasiado.	★ Interesante se buscas unha opción moderna con bo equilibrio entre operación e venda.	★ Opción recomendable se priorizas contido e funcionalidade suficiente.

Os plans integración e prezos poden variar segundo o tamaño do aloxamento, módulos activados e necesidades de soporte. Convén solicitar demo e presuposto adaptado.

Lenda de complexidade:

Baixa

Media

Alta



## Como escoller?



### 1. Tipo de negocio

Hotel, casa rural, hostel ou apartamento.



### 2. Tamaño e operación

Número de cuartos/unidades e complexidade diaria.



### 3. Nivel de dixitalización

Se precisas algo simple ou unha *suite* máis completa.



### 4. Obxectivo principal


Aferrar tempo, evitar erros, vender máis directo ou escalar.

# O Motor de Reservas *Online*

Un **motor de reservas** é unha ferramenta que permite aos clientes realizar reservas directamente dende a páxina web da empresa turística, mostrando dispoñibilidade en tempo real mediante un calendario interactivo.



# Como Funciona un Motor de Reservas?



Moitos motores de reservas permiten ademais aplicar promocións, ofrecer extras (almorzo, actividades) e xestionar tarifas diferentes segundo tempada.

# Vantaxes do Motor de Reservas



## Máis reservas directas

Aumenta as reservas directas e reduce a dependencia de intermediarios e OTAs



## Pago *online*

Facilita o pago *online* e mellora a experiencia do cliente durante o proceso de reserva



## Control de dispoñibilidade

Evita erros na dispoñibilidade e actualiza automaticamente as prazas en tempo real













Exemplo Río Miño: Unha bodega en Monção que ofrece visitas enoturísticas pode permitir seleccionar data, horario e número de persoas e pagar *online*, evitando xestionar reservas por teléfono.



# Motores de reservas para PEME's turísticas

Comparativa indicativa para hoteis independentes, casas rurais, hoteis, B&B e apartamentos turísticos en España





	 <b>Amenitiz</b>	 <b>SiteMinder Direct Booking</b>	 <b>Bookline</b>	 <b>Lodgify</b>	 <b>WuBook Booking Engine</b>
 <b>Ideal para</b>	Casas rurais, B&B e pequenos aloxamentos que buscan web + motor + xestión sinxela.	Hoteis pequenos e medianos que queren reforzar venda directa e conectala ao seu ecosistema de distribución.	Hoteis independentes e cadeas pequenas que buscan un motor robusto e orientado a conversión.	Apartamentos turísticos, alugamento vacacional e pequenos xestores de vivendas turísticas.	Hoteis pequenos, hostais e aloxamentos con presuposto axustado.
 <b>Puntos fortes</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Moi accesible para independentes.</li> <li>Integración con web propia.</li> <li>Boa usabilidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Bo enfoque comercial.</li> <li>Integración con <i>channel manager</i> e <i>metasearch</i>.</li> <li>Pensado para captación directa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Enfoque hoteleiro.</li> <li>Boas capacidades comerciais.</li> <li>Personalización e venda directa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Moi orientado a <i>vacation rentals</i>.</li> <li>Web e motor propios.</li> <li>Boa conexión con canles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Solución funcional.</li> <li>Control de tarifas e dispoñibilidade.</li> <li>Boa relación funcionalidade/custo.</li> </ul>
 <b>Posibles límites</b>	Menor profundidade que solucións máis avanzadas para operacións complexas.	Pode encaixar mellor se xa traballas dentro do ecosistema SiteMinder.	Pode requirir máis configuración inicial que ferramentas moi sinxelas.	Menos centrado en hotel tradicional.	Interface algo menos moderna ca outras alternativas.
 <b>Complexidade de implantación</b>	<b>Baixa-Media</b>	<b>Media</b>	<b>Media</b>	<b>Baixa-Media</b>	<b>Media</b>
 <b>Recomendación</b>	★ Moi recomendable se queres comezar a vender máis directo sen complicarte.	★ Boa opción se a túa prioridade é medrar en reserva directa.	★ Interesante se queres un motor con enfoque máis comercial e profesional.	★ Moi adecuada se xestionas apartamentos ou alugamento vacacional.	★ Opción recomendable se priorizas custo contido e funcionalidade básica sólida.

 Os plans, comisións, integracións e deseño do motor poden variar. Convén revisar a experiencia móbil, a conexión coa web e a integración con PMS /*channel manager*.

**Escala de complexidade:**

 Baixa
 Media
 Alta

**Como escoller?**

-  **1. Tipo de negocio**  
Hotel, casa rural, hostel ou apartamento.
-  **2. Peso da venda directa**  
Se a túa web é só informativa ou queres converter reservas.
-  **3. Nivel de dixitalización**  
Se precisas algo máis sinxelo ou unha solución integrada.
-  **4. Obxectivo principal**  
Vender máis directo, reducir dependencia de OTAs ou mellorar conversión.

# Que é un *Channel Manager*?

Un *channel manager* é unha ferramenta que permite xestionar a dispoñibilidade e os prezos en múltiples plataformas de venda *online* dende un único sistema. Funciona como intermediario entre o PMS e as diferentes canles de distribución.

**Booking**

**Airbnb**


**Google Travel**

**Expedia**

**Agoda**

**Web propia**

# Como Funciona o Channel Manager



Reserva recibida

Actualiza dispoñibilidade

Sincronización a canles

Cando se produce unha reserva nunha das canles, o *channel manager* actualiza automaticamente a dispoñibilidade en todos os demais. Isto evita problemas de *overbooking*, erros de dispoñibilidade e descoordinación entre plataformas.

# Beneficios do Channel Manager

## Vantaxes principais

- Sincronización automática de dispoñibilidade
- Actualización de prezos en todas as plataformas
- Redución de erros nas reservas
- Aforro de tempo na xestión
- Control dende un só panel

## Exemplo: Casa rural en A Guarda

A empresa vende cuartos en Booking, Airbnb e na súa propia web. Cun *channel manager*, cando se vende unha cuarto en Booking, automaticamente se bloquea en Airbnb e na web.

**Resultado:** Imposible vender o mesmo cuarto dúas veces.



# Sistemas de *channel manager* para PEMEs turísticas

Comparativa indicativa para hoteis independentes, casas rurais, hoteis, B&B e apartamentos turísticos en España

	 <b>SiteMinder</b>	 <b>Cloudbeds</b>	 <b>Amenitiz</b>	 <b>Lodgify</b>	 <b>WuBook</b>
 <b>Ideal para</b>	Hoteis pequenos, hostais e aloxamentos que venden en moitas canles.	Pequenos hoteis, hostais e aloxamentos que buscan plataforma tipo PMS + <i>channel manager</i>	Hoteis <i>boutique</i> , B&B, casas rurais e pequenos aloxamentos independentes.	Apartamentos turísticos, alugamento vacacional e pequenos xestores de vivendas turísticas.	Hoteis pequenos, hostais e aloxamentos con presuposto axustado.
 <b>Puntos fortes</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ampla rede de canles (450+)</li> <li>• Boa escalabilidade</li> <li>• Enfoque forte en distribución e visibilidade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Solución moi completa</li> <li>• <i>Channel manager</i> integrado</li> <li>• Moitas integracións</li> <li>• Bo enfoque <i>all-in-one</i></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Enfoque simple</li> <li>• Website + motor + PMS + <i>channel manager</i></li> <li>• Boa usabilidade</li> <li>• Pensado para independentes</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Forte orientación a <i>vacation rentals</i></li> <li>• Web e motor propios</li> <li>• Conexión con OTAs principais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Enfoque flexible</li> <li>• Control de tarifas e dispoñibilidade</li> <li>• Boa relación funcionalidade/sinxeleza</li> </ul>
 <b>Posibles límites</b>	Pode resultar máis complexo e máis orientado a unha xestión profesionalizada.	Máis potente que sinxela; pode ser excesivo para negocios moi pequenos.	Menos amplitude ou profundidade que solucións máis <i>enterprise</i> .	Menos enfocado ao hotel tradicional.	Interface e experiencia algo menos modernas ca outras alternativas.
 <b>Complexidade de implantación</b>	<b>Media-Alta</b>	<b>Media-Alta</b>	<b>Baixa-Media</b>	<b>Baixa-Media</b>	<b>Media</b>
 <b>Recomendación</b>	 <b>Moi boa opción se vendes en moitas canles e queres medrar.</b>	 <b>Adecuado se queres centralizar operacións e distribución.</b>	 <b>Moi recomendable para pequenos negocios que queren simplicidade.</b>	 <b>Boa opción se xestionas apartamentos ou alugamento vacacional.</b>	 <b>Interesante se buscas unha solución funcional e contida en prezo.</b>

 Os plans, integracións e prezos poden variar. Convén solicitar demo e presuposto adaptado ao tamaño do aloxamento.

**Escala de complexidade:**

 **Baixa**

 **Media**

 **Alta**



## Como escoller?



### 1. Tipo de negocio

Hotel, casa rural ou apartamento.



### 2. Número de canles

Se vendes en 2 ou en 20 plataformas.



### 3. Nivel de dixitalización

Se necesitas algo simple ou unha *suite* máis completa.




### 4. Obxectivo principal

Evitar *overbooking*, gañar tempo, vender máis directo ou escalar.

# RMS: Revenue Management System

Un **RMS (Revenue Management System)** é un sistema que axuda a optimizar os prezos dos servizos turísticos en función da demanda do mercado, utilizando datos históricos e tendencias de reservas para recomendar ou axustar os prezos automaticamente.



# Prezos Dinámicos co RMS

O obxectivo do *revenue management* é **maximizar os ingresos** adaptando os prezos segundo a demanda.

**80 €**

**Prezo base**

Cuarto hotel rural no Río Miño

**110 €**

**Verán**

Alta demanda → prezos máis altos

**95 €**

**Fines de semana**

Demanda media → prezo intermedio

**65 €**

**Temporada baixa**

Baixa demanda → promocións e descontos

O RMS pode realizar estes axustes automaticamente segunda a demanda, analizando ocupación, tempada, eventos especiais e comportamento histórico de reservas.



# Sistemas RMS para PEME turísticas

Comparativa indicativa para hoteis independentes, casas rurais e pequenos aloxamentos turísticos en España

					
 <b>Ideal para</b>	Hoteis independentes e pequenos aloxamentos que queren comezar en <i>revenue management</i> cunha ferramenta sinxela.	Hoteis pequenos e medianos con ambición de profesionalizar <i>pricing</i> e previsión de demanda.	Hoteis independentes e pequenos aloxamentos que buscar automatización accesible.	Hoteis medianos, <i>boutique</i> e cadeas pequenas con máis necesidade de optimización dinámica.	Hoteis medianos, grupos pequenos e negocios con maior complexidade comercial.
 <b>Puntos fortes</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Moi fácil de usar</li> <li>Recomendacións automáticas de prezo</li> <li>Boa opción para equipos sen <i>revenue manager</i> dedicado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Plataforma española con foco en <i>revenue</i></li> <li>Bo equilibrio entre analítica e automatización</li> <li>Enfoque sólido e demanda</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Interface clara</li> <li><i>Pricing</i> automatizado</li> <li>Boa relación funcionalidade / facilidade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Moi orientado á automatización</li> <li>Boas capacidades de <i>forecasting</i></li> <li>Enfoque moderno de <i>revenue</i></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Plataforma moi potente</li> <li>Alta capacidade analítica</li> <li>Moi recoñecida en <i>revenue management</i></li> </ul>
 <b>Posibles límites</b>	Menos profundidade analítica que solucións máis <i>enterprise</i> .	Pode resultar máis avanzada para negocios pequenos ou pouco dixitalizados.	Menor notoriedade de marca que outros grandes <i>players</i> .	Pode ser máis do necesario para negocios moi simples.	Máis complexa e normalmente menos orientada a microaloxamentos.
 <b>Complexidade de implantación</b>	Baixa-Media	Media	Baixa-Media	Media-Alta	Alta
 <b>Recomendación</b>	★ Moi adecuada se vés de Excel ou xestión manual de prezos.	★ Interesante se buscas un salto de madurez en <i>pricing</i> .	★ Boa opción se priorizas rapidez de implantación.	★ Recomendable se xa tes certa madurez dixital e volume.	★ Máis adecuada cando o negocio xa require un enfoque avanzado.

 Os prezos, integracións e alcance funcional poden variar segundo o tamaño do aloxamento e o ecosistema tecnolóxico. **Convén solicitar demo e revisar integracións con PMS e *channel manager*.**

Escala de complexidade:

 Baixa

 Media

 Alta



## Como escoller?



### 1. Tipo de negocio

Hotel, casa rural, hostel ou apartamentos.



### 2. Volume e complexidade

Número de cuartos, canles e estacionalidade.



### 3. Madurez dixital

Se buscas unha ferramenta simple ou unha solución máis avanzada.




### 4. Obxectivo principal

Aforrar tempo, mellorar ADR, anticipar demanda ou automatizar prezos.

# APIs e Integracións Tecnolóxicas

Unha **API (Application Programming Interface)** permite que diferentes sistemas tecnolóxicos se comuniquen entre si. Grazas as APIs é posible conectar o PMS, o *channel manager* e o motor de reservas nun ecosistema integrado.



# Beneficios das Integracións

1

## Automatización

Automatizar procesos de xestión sen intervención manual

2

## Sen erros humanos

Evitar erros derivados da xestión manual de datos

3

## Tempo real


Actualizar información en tempo real en todos os sistemas

4

## Centralización

Centralizar todos os datos do negocio nun único lugar

📄 📍 Exemplo Río Miño: Unha empresa de rutas en caiaç en Valença do Minho recibe a reserva na web, o motor rexístraa, o sistema actualiza dispoñibilidade e a empresa recibe notificación automática. Sen xestión manual.



### CAPÍTULO 3

# Plataformas de Xestión de Reservas para Aloxamento

# Funcionalidades Imprescindibles do *Channel Manager*



## Sincronización automática de dispoñibilidade

Entre todas as plataformas conectadas en tempo real



## Actualización de prezos en todas as canles

Dende un único panel de control centralizado



## Xestión de múltiples OTAs

Booking, Airbnb, Expedia e outros dende un só sistema



## Conexión co PMS

Integración bidireccional co sistema de xestión do aloxamento



## Informes de reservas por canle

Análise da rendibilidade de cada canle de distribución

# Funcionalidades Avanzadas do Channel Manager

## Xestión avanzada

- Xestión de tarifas dinámicas
- Configuración de restricións (estancia mínima, datas bloqueadas)
- Integración con metabuscadores
- Análise de rendemento por canle

## Exemplo: Hotel rural en Vila Nova de Cerveira

O *channel manager* permite pechar vendas en certas datas, subir prezos en tempada alta e ofrecer promocións en tempada baixa. Todo se xestiona dende unha única plataforma, aforrando tempo e reducindo erros.

# Widgets e APIs na Web do Negocio


Os sistemas de reservas integranse na web mediante **widgets** (módulos que permiten reservar directamente dende a páxina) ou **APIs** que conectan o sistema de reservas coa web do negocio.

**Mellor experiencia de usuario**

**Reserva directa facilitada**

**Menos dependencia de intermediarios**

**Aumento de vendas directas**



# Modelos de Prezos das Plataformas

## Comisión por reserva

A empresa paga unha porcentaxe por cada reserva realizada. Habitual en plataformas tipo *marketplace*. **Vantaxe:** non require pagamento inicial. **Desvantaxe:** comisións elevadas.

## Subscripción mensual

A empresa paga unha cota fixa mensual sen comisión por reserva. **Vantaxe:** custo previsible. **Desvantaxe:** pagamento incluso se hai poucas reservas.

## Modelo mixto

Combina cota fixa máis comisión por reserva. É o modelo máis común en ferramentas de xestión turística.

# Caso Práctico: Fluxo de Reserva dunha Actividade

Empresa de ruta en caiac no Río Miño



Internamente, o sistema rexistra a reserva, bloquea as prazas, envía confirmación ao cliente e notifica o organizador da actividade. Todo de forma automática.

# Prepararnos para un mundo con IA





CAPÍTULO 5

# A IA ao serviço da PEME turística

# Impacto da IA nas ferramentas de xestión

Como a intelixencia artificial transforma a operativa das PEMEs turísticas



A IA non substitúe a xestión: faina máis rápida, conectada e orientada á decisión.



# 1 Atención ao cliente e resposta automática

A IA axuda a responder dúbidas frecuentes, automatizar mensaxes e mellorar a experiencia do cliente con máis rapidez e menos carga manual.



## COMO ENTRA A IA?

- Responde preguntas frecuentes**  
horarios, prezos, localización, políticas e servizos
- Atende por WhatsApp e chat**  
primeiro nivel de respostas 24/7
- Personaliza mensajes**  
Adapta ton, idioma e contexto do cliente
- Escala incidencias**  
deriva ao equipo humano cando sexa necesario
- Automatiza seguimento**  
confirmacións, recordatorios e mensaxes posteriores

## COMO FUNCIONA NA PRÁCTICA




## QUE SE CONSEGUE?

- Máis rapidez**: respostas inmediatas e menos espera
- Menos carga manual**: menos tarefas repetitivas para o equipo
- Mellor experiencia**: comunicación máis clara e consistente
- Máis conversión**: máis consultas que rematar en reserva
- Atención continua**: dispoñibilidade ampliada fóra do horario

## EXEMPLO REAL

### Casa Rural 'A Veiga do Río' (Baixo Miño)



✓ Menos tempo respondendo o mesmo e máis rapidez para pechar reservas.

## FERRAMENTAS ONDE XA SE USA IA

- Mensaxería e chat**  
WhatsApp Business, Tidio, ManyChat.
- Atención web**  
Intercom, Landbot, Crisp.
- E-mail e soporte**  
Gmail + IA, Outlook + Copilot, Helpdesks.
- Asistentes IA**  
ChatGPT, Gemini, Copilot.
- Automatización**  
Zapier, Make, n8n.



## CLAVE PARA PEMES TURÍSTICAS

A IA non substitúe o trato humano: encárgase do repetitivo para que o equipo poida centrarse en atender mellor.



## LEMBRA

Para que a IA responda ben, precisa información actualizada, respostas validades e regras claras.



# 2 Xestión de reservas e dispoñibilidade

A IA axuda a anticipar, automatizar e optimizar a xestión diaria de reservas.



## COMO ENTRA A IA?



### Predí demanda

Anticipa picos de demanda e probabilidade de reservas.



### Detecta ocos

Identifica datas/horarios con menos ocupación para activar accións.



### Automatiza comunicacións

Confirmacións, recordatorio, mensaxes previas e posteriores.



